

ADDENDA ao proxecto de fomento do uso do galego para o curso 2020/2021

CENTRO EDUCATIVO **IES DE VILAMARÍN**

NÚMERO DE UNIDADES **20**

NÚMERO DE ALUMNOS/AS 2020/21 **243**

CÓDIGO DO CENTRO **32016285**

NOME REPRESENTANTE **EVA**

PRIMEIRO APELIDO **FACHADO**

SEGUNDO APELIDO **RUBIO**

NIF **52933991-C**

NOME DO/A COORDINADOR/A **FRANCISCO**

PRIMEIRO APELIDO **VIDAL**

SEGUNDO APELIDO **GARCÍA**

NIF **52472330-S**

Lugar O Palacio, 2. 32101 - Vilamarín (Ourense)
Cód. centro: 32016285
Tlf.: 988 68 50 50
ies.vilamarin@edu.xunta.es

A Orde do 23 de decembro de 2020 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 9, do 15 de xaneiro de 2021), pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso 2020/21, dispón na súa base 6 que os centros que presentaron os seus proxectos ao abeiro da da Orde correspondente ao curso escolar 2019/20 (Orde do 27 de decembro de 2019; DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2020), que finalmente quedou sen efectos como consecuencia do peche dos centros educativos por causa do COVID-19 (Orde do 2 de xuño de 2020; DOG núm. 113, do 11 de xuño de 2020), poderán alegar o mesmo proxecto para a actual convocatoria e presentar simplemente unha addenda na que consten, de ser o caso, as modificacións ou adaptacións propostas.

SOLICITA

A axuda económica para desenvolver as actividades que se mencionaban no proxecto de fomento do uso do galego presentado para o curso 2019/20 e modificadas ou adaptadas para o actual curso escolar 2020/21, coas cancelacións, adaptacións e novas propostas que se reflicten nos puntos 1, 2 e 3 seguintes:

CANTIDADE SOLICITADA: _____ **1600** _____ euros

1. Actividades canceladas do proxecto do curso 2019/20

Título da actividade **Deseño e realización da carta de viños.**

Departamentos responsables **Departamento de Hostalería e Turismo (módulos de O Viño e seu Servizo, Sumiller, Servizo de Restaurante e Eventos Especiais e Planificación e Servizo de Eventos en Restauración.**

Destinatarios **Alumnado dos ciclos formativos CM servizos en restauración**
Alumnado dos ciclos formativos CS servizos en restauración

Título da actividade **Semana das Letras Galegas.**

Lugar O Palacio, 2. 32101 - Vilamarín (Ourense)
Cód. centro: 32016285
Tlf.: 988 68 50 50
ies.vilamarin@edu.xunta.es

Departamentos responsables **Departamento de Hostalaría e Turismo**

Descrición: **Realizaranse unhas cartas expositoras de viños os martes, mércores e xoves, días de apertura do comedor ao alumnado externo. Empregaranse diversos soportes físicos para o cal precisárase papel de diversos gramaxes, Impresións a cor, e mesmo, a presentación das mesmas mediante códigos QR.**

2. Actividades adaptadas do proxecto do curso 2019/20

Título da actividade: Semana das Letras Galegas

Departamentos responsables **Responsable equipo de dinamización da lingua galega e os demais departamentos didácticos do centro educativo**

Destinatarios **Toda a comunidade educativa**

Orzamento **400€**

Temporización **Mes de Maio**

Material que se precisa: **Fotocopias a cor, plastificados**

Descrición: **Semana especial onde se conmemorará a persoa de Ricardo Xela Arias Castaño, a quen se lle dedica este ano o día das Letras Galegas.**

Para festexar esta semana, contaremos coa implicación e participación activa dos membros da comunidade educativa, co persoal da residencia de Vilamarín.

As Xornadas Gastronómicas Cunqueiranas (que tamén programaremos para esta semana) serán, sen dúbida, un paseo pola tradición e a cultura gastronómica da nosa terra. Tentaremos dar a coñecer a labor difusora da gastronomía que Don Álvaro Cunqueiro levou a cabo durante toda a súa vida, tanto en libros relacionados coa cociña coma no resto da súa obra, na que atopamos salpicadas innumerables referencias culinarias e recrearemos algúns dos seus pratos máis representativos extraídos da súa extensa bibliografía.

Lugar O Palacio, 2. 32101 - Vilamarín (Ourense)
Cód. centro: 32016285
Tlf.: 988 68 50 50
ies.vilamarin@edu.xunta.es

En definitiva pretendemos facer, nesta semana, unha homenaxe á cultura e ás letras galegas, resaltando a tradición popular e a materia prima desta terra, e sobre todo cumprir co obxectivo de potenciar o uso da lingua galega dentro e fóra do centro.

Título da actividade: **Recuncho Rosaliano**

Departamentos responsables : **Departamento Hostalaría e Turismo**

Destinatarios **Toda a comunidade educativa**

Orzamento **200€**

Temporización **Segunda quincena de Febreiro**

Material que se precisa **Libros de poesía e outros xéneros literarios en galego**

Descrición: **No IES Vilamarín, preténdese habilitar unha zona na que se recorde de forma permanente a Rosalía de Castro elaborando un Mural no Hall da entrada do Instituto con letras capitais plastificadas e tamén diversas referencias á vida e obra de Rosalía**

O “Recuncho Rosaliano” será un espazo no que cada 24 de febreiro lembraranse os seus poemas e manterase viva a súa lembranza entre os máis novos.

Este día establecerase unha conexión por vídeo conferencia empregando a plataforma “Webex”, coa escritora e poeta Emma Pedreira Lombardía, que se pretende estender a toda a comunidade educativa, comunicándollo a todo o profesorado que queira participar cos seus grupos dende as súas aulas. Ademais de facer a presentación da poñente, ela dará o seu punto de vista da vida e da obra de Rosalía, falará da súa obra como poeta e escritora, farase unha breve quenda de intervencións e preguntas, recitarase poesía ou algún outro xénero literario por parte do alumnado e tamén Emma da súa propia obra.

3. Actividades de nova programación para o curso 2020/21

Título da actividade: **Fomento da lectura en Galego (Recomendación semanais de libros en Galego: poesía, narrativa, teatro, ensaio, etc)**

Departamentos responsables: **Coordinación de Biblioteca E Equipo de dinamización da Lingua Galega**

Destinatarios: **Toda a comunidade educativa**

Lugar O Palacio, 2. 32101 - Vilamarín (Ourense)
Cód. centro: 32016285
Tlf.: 988 68 50 50
ies.vilamarin@edu.xunta.es

Temporización: **Segundo e terceiro trimestre**

Orzamento: **600€**

Material que se precisa: **Libros en Galego de Poesía, Narrativa, Ensaio, etc. De autores galegos e obras traducidas ao galego de outros autores españois ou extranxeiros.**

Descrición: **Preténdese sensibilizar ao alumnado da importancia da lectura en galego en tempos tan complicados pola pandemia do covid-19 e ante o sobre uso dos móbiles e outros dispositivos electrónicos. Para conseguir isto, tratarase de adquirir diversas referencias bibliográficas que poidan supoñer un atractivo de lectura para o alumnado.**

Título da actividade: **Concurso de elaboración de “memes” de escarnio en torno influencia da pandemia sobre a vida de acotío e coa convivencia escolar.**

Departamentos responsables: **Coordinación de Biblioteca E Equipo de dinamización da Lingua Galega**

Destinatarios: **Toda a comunidade educativa**

Orzamento: **200€**

Material que se precisa: **Cabaletes para expoñer os “memes” e copias a cor**

Temporización: **Mes de febreiro**

Descrición: **Preténdese empregar ferramentas ou canles próximos ao alumnado como o propio portal web do instituto na sección de EDLG e por outra banda, facendo as impresións a cor dos memes achegados expoñéndoos nun mural en forma de cabalete para que poidan ser visualizados por tod@s e deste xeito poidan ser votados e así premiar á/ó gañadora cun almorzo saudable na aula de Bar e Cafetería.**

Firma da Responsable do Centro Educativo

Firma do Responsable do EDLG

Lugar O Palacio, 2. 32101 - Vilamarín (Ourense)
Cód. centro: 32016285
Tlf.: 988 68 50 50
ies.vilamarin@edu.xunta.es